

UNIDADE 8. Os rostros da violencia machista: cara unha sociedade sen violencia

Lecturas

Lectura 1: A prostitución é sempre tortura

A romanesa Amelia Tiganus foi explotada sexualmente entre os 18 e os 23 anos. No 2007 converteuse en camareira e activista contra a trata de mulleres. O texto que vas ler é unha mestura das súas declaracións en xornais e conferencias¹. O segundo dos textos é un extracto dun artigo² sobre Miguel o Músico, un antigo proxeneta que intervén na película “[O proxeneta](#)”, de Mabel Lozano, estreada no 2018.

“Cando tiña 13 anos violáronme entre tres homes. Desde entón as violacións fixéronse sistemáticas. Con 17 anos vendéronme por 300€. Permanecín un ano no piso do meu proxeneta con outras rapazas, aprendendo a sermos *boas profesionais*.

Despois viaxei a España. Traballaba nun club, en Alacante. De cinco da tarde a cinco da madrugada. Pagaba ao meu proxeneta a metade do que gañaba. Así pasei cinco anos, dun club noutro cada vinte días. Para evadirme, consumía alcol e cocaína. Vives con medo todo o día: de que se quiten o preservativo, de se colles ETS, de que te maltrate o proxeneta... Despois de doce horas ao día humillada, drogada e sen comer, quen pode escapar á trata?

Os clientes son de tres tipos. Hainos que queren que te fagas pasar pola súa moza. Parecen bos porque nos tratan ben e pagan, pero tes que aturar as súas caricias, os seus bicos... Outro grupo é dos que che piden que actúes como unha ninfómana. O terceiro é o dos torturadores: desfrutan con facerche sufrir. Non hai clientes bos.

Deitarse con quince homes nunha noite non é un traballo. Como hai homes que queren deitarse con mulleres que non os desexan, que unicamente necesitan o diñeiro?”

•• •• ••

1 En concreto dos artigos “[A prostitución é sempre tortura](#)” (El Progreso, 30/9/2018) “[O proxeneta non pega, porque o consumidor quere mercadoría en bo estado](#)” (20 Minutos, 5/2/2019) e “[Amelia Tiganus, supervivinte de prostitución e trata](#)” (El Español, 10/2/2019)

2 “[As mulleres eran mercadoría](#)”, artigo de El País do 25/10/2018.

“O proxeneta Miguel o Músico explotou case dúas mil mulleres (...) durante máis dunha década. Pola súa carreira criminal, acabou no cárcere. O fiscal pedía 27 anos, pero condenárono a tres despois de rebaixar a súa condena por colaboración coa policía. (...) Catorce mil mulleres son vítimas en España deste negocio, que xera cinco millóns de euros ao día, en datos oficiais de 2016.

(...) «Durmía tranquilo. Non pensaba nin sequera en que o que facía era malo. (...). As mulleres eran mercadoría. Díciame a min mesmo: Que bo son que non lles pego! (...) Para adicarse á trata de mulleres hai que ser mala persoa. A muller pensa e sofre. Debes dominala.»”

1. Que circunstancias persoais facían de Amelia Tiganus unha persoa vulnerábel? Pensas que a súa situación é habitual entre as persoas que exercen a prostitución
2. Cal é o trazo común que, segundo Amelia, caracteriza ás mulleres sometidas a trata?
3. Segundo os textos, que razóns que manteñen ás mulleres baixo o poder das redes de trata e prostitución? Por que teñen moi difícil mudaren a súa situación?
4. Como son os tipos de clientes que Amelia describe? Que características atopas en todos eles? Teñen algo común cos sentimentos que experimenta un proxeneta?
5. Que resposta darías á derradeira frase do primeiro texto?
6. Na lexislación española [o exercicio da prostitución non é delito](#), aínda que si se persegue a oferta de prostitución na rúa. O consumo sanciónase con multas. O proxenetismo e a trata son delitos penais, é dicir, poden implicar penas de prisión. Pareceche lóxica esta solución? Cal é a súa finalidade?
7. Nos últimos anos debateuse moito sobre a legalización da prostitución. Cres que pode haber casos en que debería consentirse?

Lectura 2: Dafne convértese en loureiro

O poeta latino Ovidio publicou contra o ano 8 d.C. as *Metamorfoses*³, unha obra que contén múltiples historias da mitolóxica clásica, en especial aquelas que implican transformacións dos deuses. Un dos episodios é a transformación de Dafne nun loureiro. Dafne é unha ninfa dos bosques, do cortexo de Diana, orgullosa da súa virxindade, de quen se encapricha o deus Apolo, fillo de Xúpiter:



Apolo e Dafne, Gian Lorenzo Bernini (1623). Foto de Architas, licenza [CC-BY-NC-SA 4.0](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/)

“Cupido tomou da alxaba dúas frechas contrarias
unha o amor escorrenta, provócao a outra.
Aquela que o provoca é de ouro, a punta reloce.
Aquel que o escorrenta é roma, e a punta de chumbo.
Esta cravouno en Dafne, en troques o outra
penetra en Apolo furándolle até o miolo dos ósos.
Moitos outros antes pretenderan a Dafne; ela desbotounos.
Indiferente aos homes percorre as recónditas fragas.
Apolo faise ilusións, traizóano os seus vaticinios.
Como arden as sebes cando algún camiñante
o facho de máis lles arrima, así se inflama o deus.
Ve nos ollos de Dafne lampos de luz semellantes a estrelas,
ve os seus beizos e velos xa non lle abonda;
goréntanlle as dedos, as mans e os pulsos,
os brazos espidos e aínda mellor imaxina o tapado.

Foxe ela, veloz como a brisa lixeira.

«Agarda, ninfa, non son inimigo que acosa.

Foxen así a ovella do lobo, a cerva do león. É por amor que te sigo.»

Fuxindo, aumentaba a súa beleza. Xa non soporta o deus renunciar aos aloumiños,

das ás do amor axudado é máis veloz, achégase ás costas da presa

e búfalle xa nos cabelos que caen polo colo.

Ela sen folgo acoraba e di, ollando as augas do río Peneo,

«Préstame amparo, pai! Destrúe esta beleza que tanto namora!»

3 Facemos numerosas modificacións no texto, para facilitarmos a súa comprensión. Secasí, seguimos a tradución ao galego de José Antonio Dobarro Posadas en OVIDIO NASÓN, Publio: *Metamorfoses*. Galaxia, 2004.

Apenas remata a pregaría, medra en forma de fronde o cabelo,
os brazos de pólas, os pés fincan con grosas raíces.
Ámaa Apolo aínda así e coa man pousada no tronco,
sentiu latexar aquel corazón baixo a cortiza.
Aperta cos brazos as pólas como se fosen de carne.
Beixos dá na madeira e rexeita a madeira eses beixos.
«Como non podes ser a miña esposa», díxolle Apolo,
«a miña árbores serás. Sempre estarás no meu cabelo e na miña cítara.»”

1. Cal é a reacción de Apolo ao rexeitamento de Dafne? Desánímase a medida que a persegue?
2. Que paradoxo encerra a beleza de Dafne?
3. Como remata o relato? Consegue Dafne o seu propósito?
4. Que tópicos do amor romántico se conteñen neste relato mitolóxico?
5. Este mito, como moitos mitos clásicos, pode xustificar a violencia de xénero. Que situación de violencia encobre o mito de Apolo e Dafne?